*GAIÁS EN VERDE*

# Safari verde. Descubrindo os hábitats do Gaiás

**Martes 21 de xullo de 2026, ás 18:30h**

## Percorrido recomendado e puntos de interese

EEI: Especies Exóticas Invasoras




## Plantas a localizar e retratar



## 01

**Xilbardeira, picanceira, rañacús, rascacús, mesquita, azoutacristos**
(Ruscus aculeatus)

Bolas vermellas para o Nadal terás, mais non achegues a túa parte de atrás!




## 02

**Queiruga , quiroga, carrasco, carroucha, carpaza**
(Erica cinerea)

Na súa zona pouca árbore hai, pero contémplase a Catedral. Lila e fermosa se ve, mais en Quiroga tamén o é!



## 03

**Lingua de boi, borraxa**
(Echium vulgare)

Polo camiño de enriba do bosque e baixo a breixeira hai moita.



## 04

**Borla azul**
(Jasione montana)

Este botonciño tamén está polo camiño principal. Baixo a breixeira.



## 05

**Trevo**
(Trifolium pratense)

Catro dan moita sorte pero ten 3 no seu nome.



## 06

**Dryopteris filix-mas**
(Fento macho)

Solta espora pero non é señora. A súa raíz axúdanos coa febre e a lombriga. Búscao onde hai sombra.



## 07

**Herba de San Xoan**
(Hypericum perforatum)

O día lo lume xa pasou, pero ela serve para levantar o desánimo e para curar feridas e golpes. Baixo o museo.



## 08

**Herba de Santiago**
(Senecio jacobaea)

Velenosa para o gando pero ben fermosa. Como a herba do San Xoan está pola vía principal. Entre dúas baixadas, unha de escadas, ao bosque de bidueiros.

# Especies exóticas invasoras (EEI)



## 09

**Mimosa**
(Acacia dealbata)

É agarimosa e amarela pero mellor non a deixes entrar. Aquí no leste, entre casas e muros seguro que a poderás atopar!